

*Resolución do 27 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidade de instrumentos históricos de corda fretada (593095), produción e xestión de música e artes escénicas (593115) e tecnoloxía musical (593100).*

Por Resolución do 18 de xullo de 2019 convocouse procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidade de instrumentos históricos de corda fretada (593095), produción e xestión de música e artes escénicas (593115) e tecnoloxía musical (593100).

Logo de revisadas as solicitudes de participación en base ao cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, de acordo co disposto na base sexta desta, procede aprobar a relación de persoas excluídas das listas de interinidades e substitucións e facelas públicas no portal da internet desta consellería <http://www.edu.xunta.gal/susbtituloslistas>. Ao non existir persoas admitidas non procede a publicación de baremo provisional.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/susbtituloslistas> da relación provisional de persoas excluídas.

Segundo. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse despois da súa presentación oficial, co selo de rexistro, tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

